


# Nova edición facsimilar do manuscrito orixinal de “De catro a catro”, de Manuel Antonio

Cinco anos despois da publicación dun dos manuscritos máis agardados da literatura galega, lanzamos a segunda edición facsimilar deste gran poemario de Manuel Antonio, *De catro a catro*. O manuscrito foi composto nun caderno contable entre os anos 1926 e 1927. A edición, tanto a de 2016 como esta de 2021 reproduce fielmente o formato orixinal. Anxo Tarrío Varela é o responsable do estudo e transcripción.



Pp: 170. Formato 21 x 15 cms. Cartonado con sobrecuberta  
Novo ISBN 2ª edición: 978-84-16460-99-1 PVP: 22,90 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, FEBREIRO, 2021.- Presentamos a segunda edición de *De catro a catro. Manuscrito orixinal*, de Manuel Antonio, un volume ao coidado de Anxo Tarrío Varela, catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago. Publicamos o manuscrito por vez primeira en decembro de 2016, nunha coedición entre Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago, coa colaboración da Universidade de Santiago, cuxo Servizo de Publicacións se ocupou da dixitalización do orixinal.

Esa edición primeira do manuscrito chegou a ser cualificada pola crítica como «un dos achados documentais máis sorprendentes deste século» (Armando Requeixo, *Faro de Vigo*), «unha auténtica alfaia» (Ramón Nicolás, *Caderno da crítica*) ou «estremecedora edición facsimilar» (Ramón Rozas, *Diario de Pontevedra*).

Así mesmo, foi **finalista en 2017 nos Premios da Crítica de Galicia** (na categoría de Creación) e na **Gala do Libro Galego** (na categoría de Mellor Iniciativa Bibliográfica).

A edición respecta fielmente o formato orixinal no que foi creado: un caderno contable en capa dura. O deseño da capa é a **reproducción exacta do caderno orixinal**, proxetida nesta edición facsimilar por unha sobrecuberta.

O volume inclúe a **transcripción do texto coa identificación das súas variantes**, a cargo de Anxo Tarrío, e a reprodución de varias imaxes e ilustracións arredor

*De catro a catro* é **un dos libros de poesía galega máis relevantes de todos os tempos**. Está considerado ademais coma unha das **cimas universais da poesía vangardista**.

